Nuno Fernandes Torneol

Rubrica

Preguntam-me por que ando sandeu, e nom lhe'lo quer'eu já mais negar; e pois me deles nom poss'amparar, nem me leixam encobrir com meu mal, direi-lhes eu a verdad'e nom al: direi-lhes ca ensandeci pola melhor dona que vi.

Nem mais fremosa, lhes direi, de pram, (ca lhes nom quero negar nulha rem de mia fazenda – ca lhes quero bem), nem pola que hoj'eu sei mais de prez. E se m'ar preguntarem outra vez, direi-lhes ca ensandeci pola melhor dona que vi.

E Deu'lo sabe quam grav'a mi é de lhes dizer o que sempre neguei; mais pois me coitam, dizer-lhe-la-ei a meus amigos, e a outros nom, mui gram verdade, si Deus mi perdom!: direi-lhes ca ensandeci pola melhor dona que vi.

E se a eles virem, creerám ca lhes dig'eu verdade, u al nom há, e leixar-m'-am de me preguntar já; e se o nom ar quiserem fazer, querê'-lhes-ei a verdade dizer: direi-lhes ca ensandeci pola melhor dona que vi.

cantigas-stag.square-bit.com

© 14/12/2025